

ANEXO III

DOCUMENTACIÓN A SOLICITAR AO PERSOAL INVESTIGADOR PARA A AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2021

Na aplicación do SUXI XC habilitouse un mecanismo para cargar a documentación acreditativa do mérito. Non será necesario presentala nas sedes dos departamentos.

No caso dos artigos indexados na Web of Science (WoS), na aplicación SUXI XC haberá un mecanismo polo cal se cargaran de xeito automático si o investigador inclúe o seu código ORCID ou Researcher ID

1. LIBROS

No caso de obras completas, exemplar orixinal con ISBN ou requisito equivalente do libro do que algún/ha investigador/a sexa autor/a ou editor/a.

No caso de capítulos de libro, copia do capítulo (como mínimo da primeira e última páxinas) e das páxinas do libro onde se indique toda a información necesaria para a avaliación do mérito. Pode presentarse o exemplar orixinal do libro, se se desexa.

No caso de solicitar a avaliación neste apartado de catálogos de exposicións, deberase presentar o orixinal ou copia do catálogo onde se indique o título da exposición, lugar e data de realización, número e títulos das obras presentadas. O catálogo ten que ter ISBN ou Depósito legal. Lémbrese que non se valorará o catálogo neste apartado se a exposición completa é valorada na produción de transferencia.

En todos os casos, poderase presentar a documentación equivalente en formato dixital, sen prexuízo de que os orixinais poidan ser solicitados para o cotexo.

2. ARTIGOS OU TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN PUBLICADOS EN REVISTAS

Autoría de artigos en revistas (non indexadas no WoS)

- Copia do artigo: polo menos a primeira e última páxinas, e follas onde aparezan o título da revista, o ano de publicación, nomes e afiliación das autoras e/ou autores, volume, número e sumario. Se se proporciona o DOI do artigo, non será necesario entregar a copia do mesmo.
- Datos da revista, se non aparecen na copia do artigo, para a súa clasificación como tipo A, B, C ou D.

Edición de revistas

- Certificación da revista ou copia das follas da revista onde figure a información do comité editorial.
- Datos da revista, se non aparecen certificación anterior, para a súa clasificación como tipo A, B, C ou D.

Censor/a de artigos de revistas

Comunicación da aceptación da revisión e/ou acuse de recibo do envío da mesma. Poderase admitir tamén a efectos acreditativos copia da listaxe de artigos revisados extraído da aplicación de revisión da revista.

- Datos da revista, para a súa clasificación como tipo A, B, C ou D.

En todos os casos, poderase presentar a documentación equivalente en formato dixital. No caso dos artigos en revistas recomendase aportar o DOI.

Lembramos que non é necesario solicitar á Vicerreitoría de Investigación a categorización das revistas, xa que se utilizarán directamente as bases de datos indicadas nos criterios de avaliación.

3. TESES DE DOUTORAMENTO LIDAS NA UNIVERSIDADE DE VIGO OU EN COTUTELA

No caso de teses lidas na Universidade de Vigo, verificarase que os datos están incluídos na aplicación informática, pero non será necesario aportar documentación acreditativa.

No caso de teses lidas noutras Universidades, deberase presentar certificado de lectura das mesmas emitido pola Universidade correspondente, onde se indique como mínimo, o título da tese, o autor/a, o/a director/a ou directores/as, data de lectura, e cualificación obtida.

A DOCUMENTACIÓN QUEDARÁ EN DEPÓSITO NOS DEPARTAMENTOS E/OU AS UNIDADES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2022, DATA LÍMITE ESTABLECIDA POLA VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN PARA A COMPROBACIÓN POR MOSTRAXE DOS MÉRITOS AVALIADOS